



**RESOLUCIÓN do 29 de xullo de 2024, do director do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se regula a suplencia da persoa que desempeña a Xefatura da Área de Enerxías Renovables do Inega aos efectos de constituír a comisión de valoración prevista na Resolución do 11 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de gases renovables, para o ano 2024, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, tramitada como expediente anticipado de gasto (código de procedemento IN421Z)**

I.- O día 21 de decembro de 2023, publicouse no Diario Oficial de Galicia, a Resolución do 11 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de gases renovables, para o ano 2024, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, tramitada como expediente anticipado de gasto (código de procedemento IN421Z).

II.- O artigo 19 da citada resolución establece a composición da Comisión de Valoración encargada de levar a cabo a valoración das solicitudes, nos seguintes termos:

*“Artigo 19. Comisión de Valoración*

*1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou, se é o caso, a denegación das subvencións aos interesados. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:*

- a) O Xefe do Departamento de Enerxía do Inega.*
- b) O Xefe da Área de Enerxías Renovables do Inega.*
- c) Un técnico da Área de Enerxías Renovables do Inega.*

*...”*

III.- O artigo 13 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, (LRJSP) establece a posibilidade de atribuír temporalmente o exercicio das competencias que, de acordo con o ordenamento xurídico, corresponden a un órgano administrativo vacante ou cuxo titular se atope ausente ou enfermo, a outro órgano administrativo por parte do órgano competente para o nomeamento daqueles.

IV.- Ao estar vacante a xefatura da Área de Enerxías Renovables do Inega é preciso atribuír, mentres se dea tal circunstancia, o exercicio das funcións incardinadas no seo da comisión de valoración prevista no citado artigo 19 da Resolución do 11 de decembro de 2023 a fin de que se poida constituír esta e continúe a normal tramitación do procedemento de concesión de subvencións ao abeiro da citada resolución.

Dada esta circunstancia e en virtude e conforme ao previsto no artigo 13 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 12 da Lei 16/2010, do 17 de





decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia,

RESOLVO:

1. Designar suplente do titular da xefatura da Área de Enerxías Renovables do Inega o exercicio das funcións incardinadas no seo da comisión de valoración prevista no artigo 19 da Resolución do 11 de decembro de 2023 á persoa titular da Xefatura da Unidade Técnica de Planificación, Innovación e Proxectos do Departamento de Enerxía do Inega.
2. Sempre que se exerzan competencias en base a suplencia establecida nesta Resolución, deberá facerse constar así nos actos e resolución administrativas correspondentes.
3. Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia (Inega): <https://www.inega.gal/gl>

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director,

Pablo Fernández Vila

